

O Cole novo depende de ti

O sábado día 9 ás 13'00 na praza do Campo baixo o lema "COLE NOVO XA, NON MÁIS ESCUSAS" imos realizar unha solta de globos.

Sendo en Betanzos non podería ser doutra maneira e, cunha solta de globos, pediremos o cole novo, esperando que o espírito do Globo de San Roque axude aos nosos a chegar ata o parlamento galego, onde estes días están a debater os orzamentos galegos para o ano 2013.

Invitamos a tódolos habitantes de Betanzos e bisbarra a acompañarnos na solta de máis de 200 globos pedindo un COLE NOVO XA.

Entre todos podemos
Entre todos debemos



PATINAXE SOBRE XEO

Os nenos/as que asisten á actividade extraescolar de patinaxe no C.E.I.P. Francisco Vales Villamarín, celebraron a súa primeira clase do 2013 na pista de xeo que Acebe puxo este Nadal na Praza do Campo de Betanzos. A ANPA Brigantium alquilou esta pista o 10 de Xaneiro para que os participantes desta actividade puidesen patinar sobre xeo e disfrutar dunha sesión lúdica e diferente. A idea tivo gran acollida por parte de pais e fillos e agardamos poder repetila.



2º TROFEO DE TIRO CON ARCO DE BETANZOS

O 2 de Febreiro celebrouse o 2º Trofeo de tiro con arco de Betanzos organizado polo Club de Tiro Adarve coa colaboración do Concello de Betanzos e da Anpa Brigantium. Dos case 50 arqueiros participantes, a actuación dos 7 representantes do Vales foi moi destacable, conseguindo Iván e Agustín o 1º e 3º posto na categoría benxamín. Noraboa a todos.



Boletín para os pais/nais

FEBREIRO 2013

O COLE NOVO DEPENDE TI

Entre todos podemos
Entre todos debemos

Sábado día 9 ás 13'00 na Praza
do Campo de Betanzos
**ESPERÁMOSTE NA
SOLTA DE GLOBOS
EN APOIO DO COLE NOVO**



<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: anpabrigantium

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

ANPA Brigantium

DetecTIVES Brigantium.

A calidade do ensino público é como a estrela polar, que nos marca a boa dirección, sen alcanzala nunca. Nun contexto regresivo como o actual, **é fundamental redobrar esforzos** por parte de toda a comunidade educativa na consecución do obxectivo que as nosas fillas e fillos se merecen.

Neste sentido son destacables dous aspectos que son, por unha parte a necesaria e inescusable **construción do Cole Novo**, suxeito a factores alleos á nosa propia comunidade educativa, e por outra parte a implicación, **compromiso e participación** efectiva e directa das nais e pais na escola, que depende en exclusiva da nosa responsabilidade. Por iso, desde a ANPA propoñemos a creación dun **novo espazo de convivencia** para os nenos e nenas mediante a colaboración das nais, pais e docentes.



DetecTIVES Brigantium configura un proxecto a desenvolver a nivel de aula que se concreta na realización de saídas, organizadas polas nais e pais a través **da figura dun/dunha detective** responsable, a espazos de recoñecido valor cultural, científico ou natural que acompañen o traballado na clase.

Proximamente, **DetecTIVES Brigantium** botará a andar con dúas saídas piloto en primeiro A de primaria e quinto B de infantil, coa finalidade de facer camiño andando nesta nova canle de participación **aberta a todas as nais e pais**, que agardamos teña un longo percorrido.

MELLORAS NO VALES

Xa rematou a primeira fase da reforma dos aseos do noso colexio, que consistiu na reforma completa dos seis aseos dun dos bloques do colexio. Na reforma quedaron uns aseos totalmente novos xa que se substituíron todos os sanitarios, así como os chans, portas e azulexos.

Esta primeira fase, cun presuposto de 60.000 €, iniciouse durante estas vacacións do Nadal. Os seis aseos do outro bloque reformaríanse nunha segunda fase máis adiante.

Esta obra era un dos compromisos adquiridos pola Consellería de Educación da Xunta en contrapartida por non colocar os barrancóns.

Tamén destacar que xa temos o mobiliario novo no Salón de Actos, e está pendente de colocar unha tarima nova para o escenario, que se está a realizar nos talleres do Concello.

Cheques comedor

O pasado 31 de decembro **rematou o prazo** para cobrar os cheques comedor de comedor.

Quedaron sen recoller cheques por un importe total de **517,43 €** que tal como se aprobou na última asemblea serán **invertidos para a compra** de material para o comedor.

Entre outras cousas xa se comprou e instalou un radiador eléctrico, para complementar a calefacción do centro nas primeiras horas da mañá.



O Concello farase cargo do servizo de comedor e madrugadores

Dende hai **varios anos a ANPA** leva solicitando ao concello que se faga cargo do servizo de comedor e madrugadores do **Vales Villamarín**.

O día 29 de Xaneiro, por todos os grupos **foi aprobada** no pleno unha moción presentada por CxB para que o concello se faga cargo do servizo de comedor e madrugadores do Vales.

Isto **non supoñerá ningún cambio** no funcionamento do servizo. A diferenza está en que será un servizo xestionado polos técnicos do concello que poderán dar unha xestión máis profesional que a que realizamos os pais.

O custo do servizo de comedor e madrugadores seguiría sendo sufragados directamente polos pais cuxos fillos utilizan o servizo pero ao ser xestionado polo concello éste poderá facer unha mellor xestión e distribución das bolsas e axudas que recibe o comedor. O concello poderá mediante os servizos sociais dos que dispón facer unha mellor distribución dos recursos tomando en conta as necesidades e situación de cada familia.

O Concello púxose en contacto coa ANPA para intentar que xa dende o próximo curso sexa o concello quen xestione o servizo.

En todo caso a ANPA seguirá garantindo o servizo tanto de comedor coma de madrugadores ata que o concello non se faga cargo plenamente do servizo.